

**DOCUMENTO PARA A REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA E A
MELLORA DA REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN
POLÍTICA EN GALICIA**

1.- INTRODUCCIÓN: OS MOTIVOS DUNHA REFORMA

Fortalecer a nosa democracia e afondar na participación cidadá, constitúen piares básicos sobre os que asentar a política e xerar a necesaria confianza nas súas institucións, nun proceso cada vez máis necesario e máis demandado socialmente.

Nas sociedades avanzadas, nas que convivimos, a opinión pública vén demandando apertura e transparencia das institucións, accesibilidade e novas canles de diálogo entre os poderes públicos democráticos e a cidadanía. Así, tómase tacitamente que unha democracia consolidada pode e debe explorar novos vieiros que aproximen a cidadanía ás decisións, para que estas sexan froito do diálogo permanente entre as demandas sociais e a capacidade das institucións.

A arquitectura da participación política está estruturada a medio das eleccións democráticas e dos partidos políticos, así como dos órganos de participación sectoriais definidos nas normas legais. Tamén mediante os medios de comunicación que cooperan na formación da opinión pública e no coñecemento da realidade.

Logo de tres décadas de funcionamento das institucións de autogoberno, as demandas da sociedade galega non son diferentes de outras sociedades.

Polo tanto faise necesario revisar a normativa vixente para actualizala e axeitala ao contexto actual.

Un proceso de reforma que se pode dividir en catro apartados principais, en relación aos diversos cambios que afectan a normas legais en vigor, que redundan en beneficio de:

- o **LEI ELECTORAL DE GALICIA**
- o **INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**
- o **REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA**
- o **PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

2.- LEI ELECTORAL DE GALICIA

2.A Mellora da representación política

- Impoñer as “listas cremalleira” en alternancia de sexo.

Impoñer a obriga de debates electorais nos medios públicos de comunicación.

Facer obrigatoria a presenza das papeletas electorais unicamente nos colexios electorais, así como a utilización da cabina antes da emisión do voto na urna.

Minorar do 5 % ao 3 % a porcentaxe de votos válidos emitidos na circunscrición para a obtención de escano.

Ampliar os supostos de inelexibilidade a tódalas persoas que ostenten cargos de designación en institucións ou Consellos de Administración do sector público.

Ampliar os supostos de incompatibilidades a Senadores e membros das Corporacións provinciais.

Incluír no Rexistro de intereses dos deputados/as, a súa situación patrimonial, axustándose aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. Incluir os datos das persoas que conformen o núcleo familiar,

Regular a maioría cualificada de 3/5 da Cámara para a modificación do número de deputados e deputadas e o seu reparto provincial.

2.B. Contención do gasto electoral

Reducir a duración máxima da campaña electoral de 21 días a 15 días e a mínima de 15 días a 10 días.

Revisión do custo e eficacia dos envíos postais de publicidade electoral

2.C. Outros

O PARLAMENTO IMPULSARÁ UN CÓDIGO ÉTICO DE BO GOBERNO E TRANSPARENCIA CONTRA A CORRUPCIÓN, SEGUINDO AS RECOMENDACIÓNS DOS ORGANISMOS INTERNACIONAIS

Adiantar o escrutinio xeral do 8º día ao 4º día despois da votación.

Valoración sobre as actuais provincias como circunscricións electorais ou a substitución por circunscricións máis reducidas garantindo un número mínimo de escanos. (Implica a modificación do Estatuto de Autonomía)

3.- INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR

- Iniciativa Lexislativa Local que reforce o municipalismo. Posibilitar que as ILP podan realizarse tamén a través dos concellos galegos, cando representen un mínimo do dez por cento do total ou cando sexan ao menos dez concellos con 30.000 electores, fixando a súa tramitación e a documentación necesaria para ser admitida.

- Rebaixar de 15.000 a 10.000 as sinaturas da cidadanía necesarias.
- Garantir a participación dun membro da Comisión Promotora durante toda a tramitación parlamentaria das iniciativas.
- Establecer que as iniciativas deben ser tratadas de xeito inmediato no Pleno ordinario despois da súa admisión a trámite e unha vez, no seu caso, resoltos os trámites regulamentarios oportunos.

4.- REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

- Impoñer que os titulares das consellerías deban comparecer no caso de non ser facilitada a documentación polos Grupos parlamentarios.
- Promover unha maior participación cidadá a través da Comisión de Peticións.
- Rebaixar o número mínimo de deputados/as para propor unha Comisión de investigación, que deberá constituirse cando obteña o voto favorable dunha terceira parte da Cámara.
- Reducir os períodos inhábiles de 90 a 40 días (do 1 ao 10 de xaneiro e o mes de agosto).

- Regular a posibilidade de requirir á Xunta de Galicia os antecedentes ou documentación necesaria nos proxectos de lei.
- Establecer a posibilidade de solicitar comparecencias na tramitación dos proxectos de lei.
- Incrementar as comparecencias de altos cargos nas sesións de explicación dos orzamentos.

Establecer sancións económicas ós parlamentarios que incumpran inxustificadamente coas súas obrigas.

- Garantir a inclusión nos Plenos de comparecencias do Goberno solicitadas por todos os Grupos parlamentarios.
- Regular o debate anual sobre o denominado “Estado da Autonomía”.
- Abreviar os prazos de tramitación das iniciativas parlamentarias. Simplificar as preguntas da sesión de control.
- Permitir que as entidades representativas da cidadanía, poidan facer preguntas directas á Xunta na comisión de peticións, con intervención dos grupos parlamentarios.

- Impulsar un acordo parlamentario para reducir o custo de funcionamento do Parlamento, mediante reducións do abano salarial dos membros da Cámara, as retribucións dos cargos electos, o incremento das cotizacións fiscais á totalidade dos ingresos e outros gastos correntes.

5.- PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- A orde do día do Consello da Xunta será pública con antelación á celebración da mesma
- Establecer o dereito á participación, de xeito individual ou colectivo, determinando canles que deberán ser abertas, transparentes e regulares.
- Realizaranse consultas sobre o grado de satisfacción das políticas públicas e da calidade dos servizos.
- Crear un Rexistro de participación da cidadanía onde se inscribirán cantas persoas ou entidades cidadáns estean interesadas en recibir información sobre materias específicas.
- Promover a participación da cidadanía mediante sesións de audiencia nos asuntos de interese xeral. Os seus resultados serán difundidos.

6.- UNHA PROPOSTA DE CONSENSO

Por todo isto, os socialistas presentamos no Parlamento de Galicia a solicitude de creación dunha Comisión, non permanente, de estudo da reforma electoral e para a rexeneración democrática para o tratamento das cuestións devanditas. Cremos que as posibles reformas ou cambios non deben ser froito da posición hexemónica dun ou varios Grupos Parlamentarios senón que deberan obedecer ao maior consenso posible, xa que conforman un piar básico sobre o que asentar a nosa democracia.

Ademais, no proceso de conformación dunha normativa básica como a proposta, é necesario contar coas contribucións das institucións e dos axentes sociais mais importantes do país, a vez que poder recibir a análises de diversos expertos, que contribuirán a lograr unha futura normativa máis útil e mellor.

Os cambios propostos non son exhaustivos. Son unha primeira aportación a un debate onde as demais formacións políticas e a sociedade poderán aportar inqedanzas, propostas e reflexións, na afán da mellor democracia posible en Galicia.